



CFR
OURENSE centro de
formación e recursos

GUÍA DO CURSO

O1401015 - Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación

ITINERARIO DE COMPETENCIA DIXITAL

NIVEL BÁSICO





Índice

Descrición do curso.....	3
Persoas titoras e coordinadoras.....	3
Criterios de selección.....	3
Obxectivos.....	3
Competencias profesionais do profesorado.....	4
Contidos.....	4
Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	4
Metodoloxía.....	5
Seguimento e desenvolvemento do curso.....	5
Comunicación coas persoas titoras.....	7
Avaliación.....	8
Requirimentos para seguir o curso.....	8

Descrición do curso

Este curso está enmarcado dentro dos itinerarios de competencia dixital do CAFI (Centro Autonómico de formación e innovación)

Pretende formar ao profesorado na competencia dixital a nivel básico.

Persoas titoras e coordinadoras

 Relator: Alejandro Glez. Quintana Asesor Abalar Ourense	 Titor Platega: Iván Rodríguez Conde Universidade de Vigo
 Coordinadora: Carmen Calleja Lameiras CFR de Ourense.	 Coordinador: José Antonio Pérez CFR de Ourense.

Criterios de selección

1. Coordinadores e coordinadoras de tecnoloxías da información e da comunicación.
2. Os criterios xerais do plan anual de formación.

Observacións:

Teñen prioridade para inscribirse neste curso os profesores/as de linguas estranxeiras.

Ensinanzas

Todas as ensinanzas.

Obxectivos

1. Adquirir unha competencia básica no coñecemento instrumental e uso das TIC na docencia, recoñecendo e valorando a súa relevancia didáctica.
2. Xestionar a nivel básico os contornos e espazos de aprendizaxe coas tecnoloxías da información e da comunicación dun xeito seguro e respectando a privacidade.
3. Aplicar a nivel básico as tecnoloxías da información e da comunicación para a mellora da xestión escolar.

Competencias profesionais do profesorado.

1. Competencia dixital
 - Integra as TIC na aula atendendo á programación curricular
 - Saca partido á aula TIC
 - Elabora actividades multimedia para os seus alumnos
2. Aprender a aprender

Contidos

1. Uso da aula virtual. Coñecemento e utilización básica dos elementos dunha aula equipada con tecnoloxías da información e da comunicación: webcam, cámara dixital, escáner, encerado dixital interactivo e servidor de centro.
2. Organización e personalización do contorno de traballo en local e en rede. Coñecemento e uso básico de presentacións, folla de cálculo e redes sociais.
3. Planificación e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.
4. Programación con actividades de tecnoloxías da información e da comunicación, contidos dixitais, software educativo.
5. Mellora da xestión escolar utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, manexando dun xeito básico programas de xestión de centro, servizos de internet e procedementos para a comunicación coas familias.
6. Participación en plataformas de aprendizaxe para acadar ou mellorar as competencias dixitais.

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

Os contidos do curso inciden dun xeito especial coa competencia 4 do “**tratamento da información e competencia dixital**” aínda que se poderían relacionar practicamente con todas as competencias clave.

A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse; o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro) e sobre todo o uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

Metodoloxía

Este é un curso un tanto “particular” xa que conta cunha parte presencial e outra en rede

A parte presencial servirá, ademais de para presentar os novos contidos, aclarar dúbidas xurdidas no traballo persoal en rede.

No curso terás un titor e uns compañeiros, que che poden axudar ante unha dificultade, algo que non comprendes ou que non che sae ben desde o principio. Ademais do titor, pide axuda ao grupo, xa que as túas dúbidas poden servir para resolver as de outros (porque seguro que non es ti o único). Lembra a túa experiencia como mestre e o útil que pode chegar a ser a axuda dos compañeiros de clase ou cando aproveitas a pregunta dun alumno para explicarllo a todo o grupo.

A parte en rede trátase dun novo espazo, a aula virtual, con novos recursos, novas formas de facer as cousas, novos xeitos de relacionarse... o traballo colaborativo, aprendizaxe en rede e a participación activa no curso, serán o noso sinal de identidade.

Os cursos a distancia teñen moitas vantaxes, entre outras, a súa flexibilidade en canto a horarios e a espazos. Podes elixir o momento e o lugar: cando tes un tempo libre, na casa ou na escola, non te tes que desprazar, ...

Pero, ás veces, a posibilidade de facelo máis tarde fai que se nos vaia acumulando o traballo ata que chega un momento en que é demasiado e non temos tempo material de realizalo.

Por iso, o noso primeiro consello é que **intentas cumprir os prazos** que se fixan para realizar as actividades. Estes límites de tempo non son rigorosos pero si constitúen unha orientación para que organices o teu traballo da forma máis levadeira posible. Se che xurde algún problema non dubides en poñerte en contacto co teu titor.

Seguimento e desenvolvemento do curso.

Ao tratarse dunha modalidade de formación mixta (presencial e en rede) aproveitaremos as clases presenciais para explicaros polo miúdo as tarefas que deberedes presentar a través da aula virtual e que formará parte do voso traballo persoal en rede.

As tarefas son obrigatorias para a superación do curso.

O1401015 - Nivel básico en tecnoloxías da información e da comunicación. CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Tipo	Actividade	Datas	Horario
P	Aula virtual + Aula TIC	20 de outubro	18:00 a 21:00
R	Tarefa Aula virtual	20/10 – 27/10	-
P	Redes sociais	27 de outubro	18:00 a 21:00
R	Tarefa redes sociais	27/10 – 3/11	-
P	Encerado dixital I	3 de novembro	18:00 a 21:00
P	Encerado dixital II	5 de novembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa EDI	3/11 – 10/11	-
P	Xestión escolar	10 de novembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa xestión escolar	10/11 – 17/11	-
P	Contidos dixitais – software educativo	17 de novembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa contidos	17/11 – 24/11	-
P	Servidor de centro	24 de novembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa Servidor centro	24/11 – 1/12	-
P	Folla de cálculo (calc)	1 de decembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa Calc	1/12 – 9/12	-
P	Presentacións multimedia (impress)	9 de decembro	18:00 a 21:00
R	Tarefa impress	9/12 – 15/12	-
P	Contornas persoais de aprendizaxe (PLE)	15 de decembro	18:00 a 21:00

P - Presencial no CFR de Ourense - Aula B

R - Teleformación en PLATEGA - (REDE)

Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Foro de presentación de participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co teu titor:

- ➔ A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- ➔ A través do sistema de mensaxería interna da plataforma tamén coñecido como Chat. As mensaxes enviadas por este medio son privadas entre comunicantes, xa sexa o titor ou calquera outro participante.

Avaliación

Criterios de avaliación:

- Acadou unha competencia técnica axeitada para realizar traballos sinxelos cos programas presentados.
- Realiza as tarefas programadas no tempo previsto.
- Aplica os coñecementos adquiridos á súa realidade de aula.
- Participa activamente e amosa interese nos foros do curso.
- Axuda aos compañeiros con dificultades.

En cada módulo exporemos unha tarefa para poder determinar o grado de asimilación dos conceptos traballados, asignándolle un tempo axeitado para realizalo.

Se por algunha causa o alumno/a non puidese rematala e enviala nese intervalo (ou a súa cualificación non fose favorable) debería poñerse en contacto co profesor-titor para ver a posibilidade de ampliar o prazo se fose posible.

Requirimentos para seguir o curso

Todos os participantes deberán ter acceso a un ordenador con conexión a Internet (para poder realizar a parte das actividades en rede)

O software necesario para seguir o curso descargarase de Internet. Durante as sesións presenciais os titores guiarán a descarga e instalación do mesmo.